97 xullo
agosto
setembro
Tomo XXV-1987

GRIAL

A. M. AGUIRRE: Rosalía en Juan Ramón.

M. LEDO ANDIÓN: Os intelectuais republicanos. A súa prensa e o caso galego.

R. RAÑA LAMA: A penuria da chuva nos nosos Cancioneiros.

CARME HERMIDA: A polémica ortográfica a finais do século XIX.

A. MEIJIDE PARDO: Contribución ao estudo das pesqueiras do Baixo Miño nos séculos XVIII e XIX.

ISAURA VARELA: A autonomía universitaria de César Silió.

OS INTELECTUAIS REPUBLICANOS, A SUA PRENSA E O CASO GALEGO (1910-26).

Galicia na prensa portuguesa de grupo.

O presente traballo é resultado dunha Bolsa de Estudos que, para tal fin, obtiven da Fundação Calouste Gulbenkian, de Lisboa, no 1982. A orientación do mesmo é do profesor Jacinto do Prado Coelho, director, naquel intre, da revista *Colóquio Letras, in memoriam.*

I

Ninguén, por cortesía, lle vai perguntar a vostede en Portugal se é galega ou galego. A expresión será: ¿é, vostede, da Galiza?. Porque na primeira variante recóllese a connotación negativa duns cidadáns torpoes, só con deberes, que acada o seu ponto cero na frase "traballa coma un galego' (enténdase 'negro').

Tamén por cortesía, ou por solidaridade, —depende do sector no que se insera o seu interlocutor— acolleráse en silencio o relativo á custión nacional galega que vostede, quizaves, refira. Tan desemellante é o proceso político dun país independente verbo de nós, que pertenecermos à mesma área lingüística non fará o milagre. Porén, adoita suceder que dende Galicia se manifeste a necesidade contraria, que queiramos falar das relacións luso-galaicas.

Achegámonos, agora, ao estudo destas relacións nos anos da República portuguesa previos á Dictadura militar e ao salazarismo, e achegámonos a traveso das suas pegadas na prensa, tanto na noticiosa cóma na sectorial, incluindo, como máis significativa, a prensa de grupo dos intelectuais.

¿Qué era Galicia na prensa portuguesa do periodo 1910-1926?
¿Qué era Galicia na prensa dun sector tan activo como o foron os intelectuais republicanos de Portugal?
¿Qué era Galicia, ou o nacionalismo galego, no Portugal republicano?

Porque se en Galicia, se na prensa vencellada ao Galeguismo, aparecen de seu os intelectuais portugueses da República do 10, se Guerra Junqueiro, por unha banda, ou Teixeira de Pascoaes, son firmas desexadas nos Medios de expresión do nacionalismo; se a 'Xeración das Irmandades' (1916) ou, após, a 'Xeración Nós', aqueles sectores da pequena-burguesía que se comprometeran coa modernización do país e coa institucionalización da personalidade política de Galicia, se eles se manifestan a prol da 'Unión intelectual e artística' con Portugal en determinada fase, ¿qué manifesta, ao tempo, o movemento intelectual portugués verbo do caso galego?.

1.- As características comúns

A partires de duas constatacións previas verbo das coincidencias de pensamento e das coincidencias político-programáticas entre intelectuais re-

publicanos portugueses e galeguismo, e a partires da observación da importancia da prensa escrita como Medio público de expresión para ambos, ao pescudar nas claves do estabelecemento de relacións luso-galaicas encontrámonos coa creba das causas que motivaron os vencellos oitocentistas (Iberismo, proxectos comerciais...) para asistirmos á individualización das mesmas, a sua traslación aos eidos do específico e persoal.

Risco, don Vicente, o intelectual galego que con maior intensidade mantivo contactos con Portugal, refírese en *A Aguia*, xa serodiamente (1-2, xaneiro-abril de 1928, 4ª serie) ao inicio das relacións novecentistas:

> "...Había tempo que os eruditos galegos se correspondían c'os eruditos portugueses; mais aquiles eruditos galegos eran gente pedante, engolada, que nin pra escribir aos irmáns d' Alén Miño deixaban o idioma castelán (...) Mais un dia —coido que as cousas pasaron como vou referir— o Sr. Dr. José de Figueiredo, Director do Museo Nacional de Arte Antiga, de Lisboa, estivo na Galiza e coñeceu ao noso Castelao. O resultado foi a pubricazón na *Atlántida* de Lisboa, d'un deseño de Castelao, un poema de Ramón Cabanillas e un artigo meu. Abondou este feito tan singelo para que as relazóns s'estabreceram...".

Tamén, todas as opinións que temos recollido, nun abano que abranxe ao que foi o noso orientador, Dr. Jacinto do Prado Coelho, a antigos membros da "Rénascença Portuguesa" como o Dr. António Salgado Junior ou o Dr. Rodrigues Lapa, coinciden en enmarcar as relacións luso-galaicas nos vencellos mui específicos e personais, razón pola que nos adentramos, no seu intre, na correspondencia galega de Teixeira de Pascoães.

A nivel indicativo compre suliñar —amais do sobexo culturalista— a devoción do galeguismo polas fórmulas e pola práctica republicana en Portugal —marxinalizada, segundo Oliveira Marques, a saiva socialista do XIX para atraguer á burguesía—, singularmente naqueles aspectos que se refiren a instrucción pública, a noción de élite e, tamén, á modernización económico-social. Interesa, asimesmo, termos presente que endexamais o movemento intelectual portugués considerou o caso galego, na acción política, como un caso nacional e, no xeral, considerouno como caso español, actitude que se polariza ao fender a tradición iberista do XIX co "Ultimatum', tradición que, porén, quérese como perdurabel dende o Galeguismo. Por elocuente, recollemos esta frase de Fernando Pessoa:

> "... o problema do separatismo galego é com a Galiza, que só não tem licença para escolher a independência. Há só duas nações na iberia, Espanha e Portugal. A região que não é parte de uma, é parte de outra. O resto é filologia".
>
> (in *Ultimatum e Páginas de Sociologia Política*. Texto dact. Joel Serrão, Atica, Lisboa, 80)

Encontramos, tamén, características no nacionalismo galego que son coincidentes, programáticamente, co republicanismo portugués do século XX: *anti-corrupción* (anti-caciquismo), *anti-oligarquía* (no nacionalismo serao a defensa do elemento burgués galeguizado e da pequena burguesía), *anti-partidos dinásticos* (turnantes), *nacionalismo* (reivindicación de 'Autonomía integral' para Galicia / afirmación nacional-colonial portuguesa). E determinados sinais de grupo como o Emanantismo (concepción espiritualista das Patrias, traducido no Atlantismo) e expresións antipositivistas que unirán, no pensamento, a determinados sectores galeguis-

tas e republicanos, reducindo —e sublimando— as relacións culturais galego-portuguesas. Referímonos ao grupo *Nós* e ao grupo *Renascença Portuguesa.*

Nas coincidencias, e para a nosa análise coincidencia maior, a consideración da prensa como un *organizador colectivo.* A prensa acompaña e é elemento inseparable da orixe e afincamento do galeguismo, a prensa é a sua millor infraestructura, o elemento precioso para sabermos da influencia social do galeguismo.

E a prensa acada importancia singular no movemento republicano dende a oposición e no poder. Por eso asistimos a feitos como o asalto da policia ás tipografías de *O Século, O Mundo, A Vangarda* e *O Progreso,* no 1904, ou podemos lér este párrafo na *Historia da Imprensa Periódica Portuguesa,* de Tengarrinha:

> "...os padres, nas suas pregações, fazem propaganda dos jornais jesuíticos —a que chaman *boa impremsa*— e chegan a ameaçar de excomunhão os leitores dos outros jornais, especialmente os dos *malvados republicanos*".

A multiplicación das cabeceiras de prensa (Oliveira Marques fala de catrocentas catorce no 1917 e cinco anos despois, no 1923, de quinientas trinta e duas), as matizacións sobre o papel político dos periódicos noticiosos que "escusandose na sua aparente independência, quer en relação aos partidos políticos, quer em relação aos grandes intereses económicos e financieiros, a grande imprensa foi tal vez aquela que maiores males e prejuizos causou á República através da maneira subrepticia como apreciava os governantes republicanos e julgava os factos e os acontecimentos"[1]; a grande diversificación, selección de público, especialización da prensa —con xornais propios, como veremos, para un público intelectual republicano—, ilustran o seu papel nos anos que demarcan o obxecto do noso estudo.

1.1. *A República da Prensa*

Entre o 1910, coa instauración da República democrática en Portugal, e ata o 1926, en que se impón a dictadura militar, previa ao salazarismo, o movemento político e a sociedade portuguesa participaron nun modelo pequeno-burgués, con obxectivos modernizadores, reivindicacións de clase e chouto da confrontación ou o compromiso entre a defensa das libertades, a conspiración monarquico-integralista, a reducción ao presidencialismo e aos pro-homes (etapa sidonista), afianzándose o mito da 'salvación nacional' na memoria recén do Ultimatum[2] e onde se manifesta a posición activa dos intelectuais, intelectuais que se distribuen en duas ponlas: os influidos polo positivismo, que artellará a sectores racionalistas e progresistas; e os transcendentalistas, que adoitan recoñecérense no saudosismo.

No 1910 a sociedade portuguesa, con 6 millóns de habitantes e leis proteccionistas para o agro, onde está o oitenta por cento da poboación, adíre á fórmula republicano-liberal, e adírese á fórmula republicana o inestabel segmento intelectual referido, inestabilidade que para Oscar Lopes e A.J. Saraiva[3] "liga-se com as proprias condições básicas em que veio implantarse o novo régime, pois, apesar da incontestável popularidade (...) o desiderato

[1] v. David Ferreira, *Historia Política da Primeira República Portuguesa.*

[2] v. Vázquez Cuesta, *A Espanha ante o 'Ultimatum'*

[3] v. Oscar Lopes / A. J. Saraiva, *Historia da Literatura Portuguesa.*

de uma democracia pequeno-burguesa não conseguiu consolidar-se e, através das dificultades agravadas pela participação na Guerra de 1914-18, o seu mais efectivo papel, sob o ponto de vista económico-social, foi o de continuar duas tendências pouco anteriores: a tendência para um constante, embora lento, desenvolvimento do capital industrial, e a tendência para instalar o dominio colonial".

No 1910, a República liberal instáurase no Terreiro do Paço apoiada, tamén, nunha prensa influinte que non terá que ver con aqueles periódicos oitocentistas da década dos cuarenta, tais como *O Regenerador, A Fraternidade* ou *A Península Federal e Democrática* que se transformará, nos setenta, en *República Federal.* Non terá que ver, a pesares do seu republicanismo, con este idearium radical e iberista do XIX. O novo movemento republicano, reformador e interclasista, ten, dende o 1881, o seu órgao, *O Século,* que se transformará en prensa comercial; ten dende o 1900, *O Mundo,* para aqueles sectores máis avanzados, é ten o seu perfil intelectual no xornal *A Lucta.* Como publicación sobranceira, no capítulo da prensa de grupo, *Seara Nova,* fundada por Jaime Cortesão, Câmara Reis e Raúl Proença.

Segundo Jose Tengarrinha (o.c.), no 1906-1907 os xornais radicalízanse e a partires de 1910 o republicanismo alíase mais en profundidade coas camadas populares. No decreto de 10 de outubro anúlanse as leis represivas sobre da prensa (Censura, Xurados) e ven a proclamación de unha amnistía para os delitos de prensa. Cecais por iso, cando houbo que organizarse como oposición á dictadura militar, no 1929, os republicanos da 'Liga de Paris' refiran como un dos seus puntos nucleares a "organização de uma grande Imprensa republicana".

Neste periodo republicano determinante agromará a prensa de clase, entre a que terá papel singular *A Batalha* (1919-27)[4], con escritores do social realismo como Ferreira de Castro e con relacións co grupo *Seara Nova* nos periodos en que estes non aceptan colaborar na xestión gubernamental, e tamén a prensa de opinión socialista, comunista ou libertaria: *O Combate, Avante!, Bandeira Vermelha, A Anarquia.*

No periódico dos traballadores dos xornais *A Imprensa de Lisboa,* que se publica a partir dunha folga reivindicativa como lugar propio de exercicio da libertade de expresión, aparecerán lineas solidarias referidas expresamente ao nacionalismo galego.

2.- A MOSTRA

Amais do apoio bibliográfico e das conversas directas, o material base do presente estudo seleccionouse tanto en función da sua representatividade de grupo como da sua definición política e ubicación xeográfica. Asi, da prensa dos intelectuais analizamos, —ata o 26— as publicacións *Seara Nova* (Lisboa, 1921-), *A Aguia* (Porto, 1910-), *Lusitania* (1924-27) e *Pela Grei* (1918). Dos periódicos de opinión política revisamos as colección de *O Socialista / A Vangarda* dos anos 1913 e 1914 ata a desaparición da rúbrica "Secção Independente/Cousas d'Hespaña"; *A Lanterna* (1915); *A Tribuna* (1916) e *A Imprensa Livre* (1921), órgao dos traballadores de xornais.

[4] v. Jacinto Baptista, *Surgindo vem ao longe á nova aurora...*

No apartado que definimos como de prensa noticiosa, e somente a tíduo referencial, consultouse o diario de feitío e público máis intelectualizados dos republicanos, *A Lucta,* naquelas datas nas que se deron sucesos relevantes no movimento socio-político en Galicia (especialmente os sucesos ligados ás reivindicacións agrarias) e galeguista (fundación das "Irmandades" no 16, eleccións do 18, no 21 e no 22; Asambleas Nacionalistas de Lugo, Monforte, Santiago e Vigo). Por razóns fundamentalmente de proximidade xeográfica analizamos o diario portuense *O Norte* (1918-1921).

2.1.- *O caso galego na presente mostra*

As categorías de análise para estabelecermos o tratamento que os diferentes Medios lle deron, no seu momento, ao Caso Galego foron os seguintes:

—Existencia de rúbricas específicas. A nomenclatura Galiza/Hespaña.
—Posicións editoriais e comentarios de Redacción.
—Artigos de firma (autor) e noticiario.
—Contido dos textos —social, cultural ou político— e explicitación (ou non) da sua orixe xeográfico-informativa en Galicia.
—Presencia periódica ou coxuntural.

Categorías que nos permitiron interpretar os dados cuantitativos que sempre fornece a lectura das publicacións para irmos definindo as liñas de interés que, de facto, relacionaban a grupos significativos de ambolos países e, nun senso amplo, á sociedade galega coa sociedade portuguesa. Porque non é arbitrario que só a *Seara Nova* aborde a cuestión do nacionalismo galego como un feito da política real —e no ámeto do posibel— e que só a *Seara Nova* rubrique os textos co xenérico 'Portugal e Galiza' ou que, seguindo cos exemplos, as relativamente abondosas novas que publica o diario *O Norte* referidas a Galicia, pertenzan ao apartado social e económico (en relación, estas, coas actividades portuarias) e que outros soltos, datados xeográficamente en Galicia, teñan qué ver directamente cos intereses republicanos portugueses, tal as muitas liñas que tratan das actividades sediciosas monárquicas dende o sul de Galicia contra a República portuguesa.

2.2.- *A 'secção independente' en O Socialista*

No seu número 516, de 17 de decembro de 1913, a páxina 2 do diario *O Socialista* publica, en español, unha rúbrica autónoma sob o tíduo 'España y Portugal' da que é redactor-xefe Alejo Carrera Muñoz.

Practicamente a totalidade das duas ou tres columnas da rúbrica están cubertas por noticias que veñen de Galicia, que veñen da emigración galega en América ou que se refiren, directamente, ás actividades da colonia galega en Lisboa. Por iso a rúbrica, anque se chame teimosamente 'España y Portugal', ten a súa redacción na rua da Madalena 265, sede da Asociación 'Xuventude de Galicia'.

A novena edición da 'Secção Independente' inclue un epígrafe, 'Literatura Galega', que vai publicar, por entregas, o poema *Eu son galego,* de Manuel Lugrís. A presencia deste Autor-axitador, á par de noticias puntuais sobre o movemento agrario, amosan vencello específico entre o idearium editorial de *O Socialista* e a organización *Solidaridad Gallega.*

Esta primeira sección galega na prensa portuguesa republicana —galega

polo seu contido por riba da sua denominación de española— conta cun servicio de correspondentes en diferentes vilas (A Cañiza, Mondariz...), cos activistas do núcleo da emigración galega en Lisboa, e perdurará o que perdura a visita, dende América, do líder socialista Vázquez Gómez, de orixe galega. Razóns inmediatistas, electorais e propagandísticas fixeron posibel a "Secção Independente" do mesmo xeito que a convertiron en inútil aos poucos meses.

2.3.- *O popular*

No seu número 18, o 11 de febreiro de 1920, aparece por primeira vez na páxina 2 de *O Popular* de Lisboa un solto, de 22 liñas, sobre Galicia. Informa da venda do *Faro de Vigo* a uns afiliados á Acción Católico-Social, e é un breve arquetípico das noticias galegas que van saíndo ao longo do periódico, voceiro do Grupo Parlamentario republicano Popular, que centra a sua atención en novas da conflictividade social e na contestación monárquica.

Ata o 26 de maio de 1920, data en que *O Popular* imprime na sua mancheta "orgão do Partido Republicano Popular", todas as noticias referidas a Galicia (un total de sete soltos) tratan, como non, de cuestións económico sociais. Dende o 26 de maio e deica o 14 de agosto, cando no seu número 152 anuncia unha breve suspensión para se reorganizar e convertirse nun matutino, en *O Popular* saen cinco espacios con temática galega. Todos, agas ún, referiranse, igualmente, a aspectos sociais. No número 146, correspondendo ao 7 de agosto, sae "Galiza, nossa irmá", artigo histórico-político, que firma Artur Bem-Rosch, con grande influencia de *A Nosa Terra,* periódico nacionalista que cita varias veces:

> "...Por terras de além Minho sopra uma aragem de liberdade que cria en todos os corações galegos a ansia de independência da sua terra e do restabelecimento oficial da velha lingua em que cantaram e parolaram os melhores trovadores peninsulares..."

2.4.- *Os xornais noticiosos*

A presencia galega nos xornais político-noticiosos —sen espacios propios nen correspondentes, coa radio como fonte cuase única— só merecerá circunstancialmente algún artigo de firma ou algún comentario de redacción. Só no caso de *O Norte* hai tomas de posición editorial sobor dun feito galego, como veremos, e a síntese dos nosos resultados é a seguinte:

En *A Lanterna,* Diario Republicano da Tarde, que sae o 1 de abril de 1915 e perdura ata xuño de 1916, xornal vencellado a nomes como Afonso Costa ou Jaime Corteção, que despois reencontraremos entre os fundadores de *Seara Nova,* Galicia como orixe de información circunscríbese ao papel de servir de afincamento xeográfico para os conspiradores antirepublicanos. Ou a un, solto que nos fala da tuna de Compostela. O 13 de outubro de 1915, *A Lanterna* adícalle a sua editorial á memoria de Ferrer Guardia, fusilado en Barcelona no transcurso da Semana Tráxica.

A Tribuna, semanario republicano de tendencia evolucionista, que sae á rua o 12 de marzo de 1916, non se referirá nunca a Galicia nos seus dez números de vida.

O 1 de maio de 1918 comenza en Porto a se publicar o Diario Republicano da Manha, *O Norte.* A sua liña editorial é, asimesmo, evolucionista, e

sofre unha suspensión dende o 25 de setembre de 1918 ao 15 de abril de 1919. A partires do 2 de decembre de 1920 edítase a súa segunda serie.

O Norte (primeira serie) é un diario con rúbrica de 'Estrangeiro' e de 'Varias' pero a información referida a Galicia raramente aparecerá nelas, —sae algunha noticia do ámeto reivindicativo-social e tamén de actos oficiais— e o único feito que acada seguimento informativo no xornal de Porto é o que se relaciona coa ampliación do porto de Vigo que *O Norte* apoiará (por razóns comerciais) con cativos comentarios redaccionais. O 20 de maio de 1920, datadas en Ourense, *O Norte* ofrecerá unhas liñas preciosas sobre dunha manifestación de mulleres contra da carestía da vida.

O Norte publica grande número de noticias, datadas en Vigo, pero o seu contido cínguese á denuncia dos movementos dos monárquicos portugueses que operan dende aquela vila.

Na súa segunda serie *O Norte* vaise centrar na información Nacional, sen a devandita rúbrica de 'Estrangeiro', e agora Galicia chegará ás suas páxinas, amais dos breves sobre a conspiración monárquica, a traveso da campaña do 'Mata-galego' no Brasil, denominación da campaña nativista contra da emigración recollida e condenada dende as páxinas de *O Norte*.

Denantes tíñamos mencionado *A Imprensa de Lisboa,* orgão dos trabalhadores de jornais, que sae no 1921, en Lisboa, dirixido por Campos Lima. Será en *A Imprensa de Lisboa* onde, a raíz dun artigo titulado "A Acção dos galegos en Portugal", desencadease unha interesante resposta epistolar que o periódico vai publicando, resposta de agradecimento por nos prestar atención, como, a carta de Cándido Garrido, no número 50, ou a do propio Antón Villar Ponte, director de *A Nosa Terra,* avalada por outros membros das 'Irmandades da Fala'.

Ao se pechar este xornal, Campos Lima vai dirixir outra publicación diaria —que durará poucos meses—, *A Imprensa Livre*. No seu número 51, correspondente ao 17 de setembro de 1921 vai ser tamén Villar Ponte o que publique un artigo a propósito do idioma español, co títduo 'A Decadencia de Castela', aproveitando as páxinas deste órgao de expresión libertaria.

Pola contra, se lle seguimos o fio ao antigo director de *O Socialista,* Pedro Muralha, que nos anos 13-14 publicara a 'Secção Independente'; como director, nos anos 21-22 de *A Vangarda,* Diario independente da Tarde —e que pasará a identificarse como Diario sidonista da Tarde—, Pedro Muralha non publica nestes anos nada galego ou referencialmente galego.

Anos de acontecementos importantes en Galicia e para o galeguismo, nos que teñen lugar as Asambleas Nacionalistas III e IV, manifestacións agrarias con varios mortos como balance, eleccións municipais coa conquista dalgunha concellalía para o galeguismo, e anos nos que se empeza a celebrar o Dia de Galicia, o Dia da Patria, nestes anos tampouco o xornal *A Lucta,* dirixido a un público intelectualizado e próximo do Partido Republicano Liberal, se fará eco dos acontecementos galegos. *A Lucta* publica, pola contra, —e aquí asimilamos o mecanismo de transferencia de culpa— un comentario contra da Unión Ibérica, en réplica a unhas declaracións xornalísticas de Cambó. Eso si, en agosto do 22 notificamos que está a veranear en Vila do Conde o xornalista "e ilustre escritor español D. Alberto Insua" que está enviando a "La Voz" unha serie de artigos sobre Portugal.

Se pensamos que as relacións culturais luso-galaicas fundamentáranse, na segunda mitade do dazanove, nas correntes republicano-positivistas, podemos ver o seu devalo nas noticias galegas que acolleu *O Socialista* (anos 12-13-14) activadas por un núcleo da emigración galega organizada en Lisboa, noticias que poñen fin á presencia oitocentista do caso galego na prensa portuguesa, noticias de perfil básicamente social.

A partires dos anos dez do século XX temos, por unha banda, o trunfo da República en Portugal e temos, pola outra, a creación da primeira organización nacionalista, "Irmandades da Fala".

Na prensa noticiosa e na de opinión a presencia galega apenas é reflexo das relacións cos intereses económicos da pequena-burguesía norteña progresista (como vimos en *O Norte*), ou aparece coxunturalmente, e a causa de estímulos directamente galegos.

É na prensa de grupo onde, porén, se manifestará o perfil máis importante destas relacións: o achegamento intelectual.

II

Adóitase creer nas relacións luso-galaicas como eido exclusivo dos Atlantistas, homes da *Renascença* e grupo *Nos* ou, atendendo ás suas figuras máis características, Teixeira-Risco. Pero ao achegármonos ao outro gran sector dos intelectuais republicanos, aos positivistas, vemos como o caso galego adequire con eles meirande definición e un tratamento mais agiornatto. En ambos casos as nosas deducións veñen da observación da revista *A Aguia* e da revista *Seara Nova*. O profesor Rodrigues Lapa, vencellado aos racionalistas, declarábanos que foron os homes de *Searã Nova* os que con seguridade incluiran no 'Programa Revolucionario e Guvernativo' da Liga de Paris o obxectivo de estreitar relacións "com os paises ou regiões que se podem considerar dentro da esfera de acção da nossa lingua (Brasil-Galiza)"[5], o texto máis importante, na letra, encol das posibilidades frustradas dunha relación sempre a recomenzar.

1.- RENASCENÇA.

A *Renascença Portuguesa* foi a primeira expresión asociativa dos intelectuais republicanos, con preocupación extra-partidaria, unidos pola noción de élite e de compromiso. Na decada dos 10 a heteroxeneidade caracterizou a RP. Pesoeiros do integralismo, como Antonio Sardinha, a facción máis reaccionaria do espectro político que após artellará un órgao própio. 'A Nação portuguesa'; progresistas-revolucionarios como Teófilo Braga, renovadores culturais como Antonio Sergio, artífice de *Pela Grei* e integrante, no 22, do grupo SN; estudosos tan activos como Jaime Cortesão.

Pasados os primeiros anos, a RP defínese pola continuación que tiveron nela os anti-positivistas, o grupo de pensamento influido polo emanantismo oitocentista, polas concepcións espiritualistas, con nomes como Leonardo Coimbra e Teixeira de Pascoães.

No aspecto doctrinario Prado Coelho refírese ao seu 'paganismo espiritualista', ao seu nacionalismo literario frente ao modernismo, e Oscar Lopes e A.J. Saraiva entroncan a RP cos grupos sociais tradicionais que se enfren-

[5] v. Oliveira Marques, *A Unidade de Oposiçao á Ditadura*.

tan coa ideoloxía implícita na expansión capitalista con "actitudes e ideários que ora tendem a um irracionalismo que se apressenta como antiburgués (Nietzsche, Bergson, Jaspers, Heidegger) ora restringem o alcance tradicionalmente burgués dos ideais racionalistas".

O órgao oficial da RP foi *A Aguia,* revista quincenal ilustrada de literatura e crítica que 'só publica inéditos'. Êo dende o 1912, na sua segunda serie, anque dende o seu nacemento, o 1 de decembro de 1910 —dia da independencia nacional— e sob a dirección de Alvaro Pinto, responde ás liñas da devandita asociación.

O primeiro artigo de *A Aguia* fálanos, pois, de homes superiores, e Teixeira, patricio, pide xusticia para os labradores caseiros e louba a República:

> "as maiorias são a mediocridade (...) o homem superior, sendo o esboço, o embryão, a synthese individual, d'uma época futura, não pode furtar-se, de quando em quando pelo menos, a um sentimento de despreço pelos homens A razão das maiorias é uma força conservadora, a razão dos homens superiores é uma força creadora..."

A Aguia sairá regularmente ata o 16. Coa entrada de Portugal na IGM pasa a se editar no Brasil e mentres chega pousonamente o seu público primixenio vai esclarecendo posicións e vanse perfilando grupos de intervención con referencias diverxentes. Dende o 11 ao 16 *A Aguia* é dirixida por Teixeira e a biblioteca da RP editará no 15 a sua obra, 'Arte de ser Portugues'[6] onde topamos ao Teixeira de que nos fala Prado 'Coelho', "convencido de que uma análise do complexo psicolóxico implicito na saudade podería revelar aos portugueses a «alma» colectiva, emprendeu o estudo das virtualidades do sentimento saudoso ao longo da historia da espiritualidade portuguesa"[7].

As relacións do nacionalismo galego coa RP non se manifestan ata a década dos vinte e con posterioridade a que os autores, textos e noticias portugueses aparezan na prensa dos galeguistas. Na segunda edición de *Maranos,* no 1920, Teixeira inclue a sua oferta "Galicia terra irmã de Portugal"... oferta da que andando o tempo irán desaparecendo as referencias significativas a Pondal, ao dereito á rebelión, ao idealismo radical. En toda a segunda serie de *A Aguia* só encontramos un texto de temática galega, anque o autor non o seña, "A Palavra saudade en galego" de Aubrey Bell (núm. 49, xaneiro 1916), memorandum das variantes dese termo en *Follas Secas,* na poesía de Alberto Camino, en Curros, Lamas ou Pondal, entendidas como anomalías da nosa "litteratura meiga e musical, cheia de soedades".

No 1922, ao iniciar *A Aguia* a sua terceira serie, aparecen algúns textos xa referidos directamente á cultura de Galicia cuxa lectura contextualizamos coa ficha da publicación no que se inseren.

A Aguia é, como dixemos, unha revista de grupo que se articula —con cativas variantes— nas rubricas de Literatura, Arte, Ciencia, Filosofia e Crítica Social e mais Bibliografía (neste ultimo periodo analizado subdivi-

[6] 'Arte de Ser Portugês', a obra doctrinaria de Pascoaes, que declara de intención pedagóxica, é unha haxiografía que deduce da personalidade espiritual o destino social e humano do país e, orgánicamente, declárase Municipalista, Corporativista e Republicana, perfilando ao 'Político' como un enviado, eleito de Raza, non por sufraxio.

[7] v. Prado Coelho, *Introdução as Obras Completas de Teixeira de Pascoaes.*

dese en Prosa, Verso, Arte, Notas e Comentarios). *A Aguia* é unha publicación de colaboracións, fortemente personalizada tanto polo cultivo da forma autógrafa como pola atención ao retrato ou ás seccións apoloxéticas de determinados nomes sob o tíduo 'Os grades mortos'.

As colaboracións de firma, de opinión, divulgación ou creación, definen o corpo da revista, e os espacios informativos —secundarios— confórmano as reseñas sobre publicacións, espacios que se diferencian, asemade, do groso de *A Aguia* na sua diagramación a 2 columnas, frente á disposición en columna única, a ancho de páxina, para os articulistas e autores da casa.

A Aguia preséntase cunha capa única, ilustrada cun grabado figurativo dunha águia a duas cores —cambeante número a número— e, como media, sobrepasa as 40 páxinas chegando, en ocasións, ao centenar. A publicidade —agas algúns números dos primeiros anos nos que aparecen firmas comerciais— restrinxese a edicións da RP.

Atendendo a criterios cronolóxicos —que indicarán a iniciativa galega no establecemento de relacións— Teixeira empeza a recibir cartas. A primeira é, naturalmente, de Risco, en xuño de 1920, seguida dunha de Cabanillas, en setembro, correspondencia que se intensifica no 21 cun total de 5 cartas de Risco ás que compre engadir outras de Alvaro Cebreiro, Victor Casas e os irmáns Villar Ponte.

A Nosa Terra publica a caricatura de Teixeira feita por Cebreiro, ANT trae a Leonardo Coimbra por Galicia, e con Leonardo Coimbra ao frente de *A Aguia* sae o número 1 da terceira serie, en xullo do 22, proclamando que a RP, após o periodo dificultoso da guerra, estará ao servicio das letras e da educación popular, dentro da fe republicana e democrata e no principio da cooperación no traballo "querendo que a sua Patria viva a única vida das Patrias, que é a do Espirito". *A Aguia* conclue o seu estatuto editorial decindo que "estará aberta aos novos escritores e aceptará a discordancia política no amor a Portugal" e que a pesares da sua adicación ao campo das ideas e dos sentimentos "não deixará de ollar para as necesidades do momento e será, quando possa, um orgao de critica e reconstrução imediata da vida social e política da nação".

En agosto do 22, no apartado Bibliografía, firmado coas siglas L.C. sae o primeiro texto sobre Galicia, sobre *Vento Mareiro* de Ramón Cabanillas que merece este saudo:

> "... a lealtade á terra e seus amores, o culto da lavoura como o arte de arrancar da terra novas belezas e bondades, a saudade do velho tocador da gaita de foles, e o ímpeto heroico, a rebeldia indomável dum amor *pela independência e liberdade dum torrão sagrado,* que jamais se deixará desnacionalizar: todo isto é a velha alma celta, vagabundeando por entre as brumas (bretemas), *a sebastianizar-se em novas esperanças de Redenção e Liberdade...*"

Os nosos suliñados queren só chamar a atención da ideoloxía trascendentalista, do culto do mito salvador, do naturismo con que entenden o mundo os homes de *A Aguia* que en palabras de Oscar Lopes (cf. *Estrada Larga* I) "crêem na Literatura como agente de engrandecimento pátrio, esperam con fé juvenil, proclaman a existência duma alma nacional (...) Não obstante o conservantismo das formas poéticas, incluindo o léxico, a sintaxe, a versificação, e certo pendor oratório (tão longe dos modernistas do

Orpheu), os chamados saudosistas mostram uma singular capacidade para esfumar o concreto..."

Entre os textos que se refiren a Galicia ata o 1926, no que os militares rematan coa República liberal, somente aparece unha firma de autor galego, a de Risco (novembre 1922) para unha colaboración de temática extragalega, con Tagore ao fondo, significativamente titulada "Cultura e Natura".

No apartado de reseñas bibliográficas *NOS,* órgao da sociedade 'Nós', Ourense; *A Nosa Terra,* órgao das Irmandades da Fala, Coruña; *Terra,* Idearium da ING na América do Sul, Bos Aires; *Alfar,* revista de Literatura, Coruña. De entre todas as cabeceiras *Nós* é a que recibe mellor tratamento, con síntese dos sumarios nos que aparecen colaboracións ou informacións sobre Teixeira.

Un comentario, tamén, para *O pecado alleo,* de Leandro Carré, para calificalo como "drama actual, simples e moito sobrio na exposição (...) lembra (o enredo) um pouco, o *Amor de Perdição,* embora só naquilo que a outros também pertence: o ódio das familias dos namorados..."

Cuantitativamente, e dividindo os textos galegos que publicou *A Aguia* en artigos, comentarios e reseñas, teríamos que no 22 sae un artigo de pensamento, un comentario (sobre *Vento Mareiro)* e tres reseñas; no 23 saen tres reseñas; no 24 a presencia redúcese a un comentario; no 26 saen duas reseñas. Haberá que agardar ao 1928, á 4ª serie, —fora do noso tempo de análise— ao 'Visado pela censura' para que se acentuen os temas e espacios galegos en *A Aguia* (é cando Risco publicará a serie "Da Galiza Renascente"), xa cara o fin da publicación.

1.1. *A correspondencia galega de Teixeira de Pascoães*

A primeira carta galega que se conserva entre os papeis de Teixeira é de Vicente Risco, en xuño do 1920. Dela dedúcese que é resposta ao pedido que lle fixera Teixeira dun retrato 'da nosa santiña Rosalia' ao tempo que lle remesa *D'o Ermo* de Noriega Varela e solicita del colaboración fixa, inédita, 'unhas liñas somentes sinadas da sua man' para o primeiro número da revista *Nós.*

No total da correspondencia que se conserva nos arquivos da casa de Amarante, sobrancea a petición de duas obras ao autor: *Arte de Ser Português* (doctrinario) e *Maranos* (de poesía), xunto cunha fotografía. Hai correspondencia circunstancial (Paz Andrade, nos anos 25 e 26, solicitándolle colaboración para o xornal *Galicia*; Victor Casas, no 21, Ramón Villar Ponte, tamén no 21...), hai correspondencia literaria (as sete cartas de Noriega, en español, nos anos 22 e 23) e haina —fora do periodo analizado— rutinaria e sen interés como a de Alvaro de Las Casas, tamén en español. Amado Carballo, no 26, escríbelle adicándolle *Os Probes de Deus*

Ó contacto postal máis continuado manténo Cebreiro (15 cartas entre o 21 e o 31) quen lle remesa as revistas nas que publica a sua caricatura, o album de 30 artistas galegos, agradécelle a sua amistade e abráiase, en carta de xuño de 1923, porque Teixera dice "que un dia virá a Galicia —que é o Portugal esclavo— en piadosa romagem (...) mais en meio desa alegría sinto también un receio, uma tristeza, un medo estranho. Eu creio que a Gali-

za —qué triste é confesa-lo— não está o suficentemente preparada para poder receber, como o merece, ao seu mais grande poeta!''

De Vicente Risco consérvanse 9 cartas, entre o 20 e o 27. Son as cartas conscentemente representativas do pensamento atlantista, do entendemento de Portugal como 'a verdadeira Galiza ceibe onde trunfou o noso xenio y-a nosa fala (...) ao ler os seus libros —digollo coa meirande sinxeleza e de corazón, e de verdade— síntome ainda mais galego, ô percibil-a unicidade transcendente da y-alma dos dous pobos do Miño'

Co membrete de Conselleiro Supremo da ING (Irmandade Nazonalista Galega), Risco comenta a atracción que empezan a desenvolver sobre os portugueses dende Madrid (carta de marzal do 22), e pasados catro anos, no 26, recrimínalle o cese da correspondencia —facéndose eco das dificultades na Dictadura de Primo de Rivera— que Risco apón a un cambio nas preferencias de Teixeira:

> ''En gêral, as nossas relacións cos nossos amigos de Portugal están interrumpidas. Apenas si algunha revista chega a nós: Nação Portuguesa, derradeiramente Gil Vicente. Todas integralistas, encomiando todo o que poden o estado de cousas que hai hoxe eiquí (...)''

E Risco engade o interés que terá para Portugal coñecer o labor do SEG, os traballos arqueolóxicos de Cuevillas, as publicacións de *Lar:*

> ''... os que outrora eran amigos da Galiza deben ajudar (...) Poderán os tempos non ser chegados, mais non están pasados. En resume: *Nós* está eiquí de novo. E está agardando pol-os seus amigos de Portugal: *Nós*: compre non esquencer qu'iste plural somos todos, das duas bandas da raia...''

2.- SEARA NOVA

Dende o 15 de outubre de 1921, en que se publica o número 1 de *Seara Nova,* revista quincenal de doutrina e crítica, deica o seu número 96, cinco anos despois, o 12 de agosto de 1926, en que aparece sob a lexenda ''Este número foi visado pela Comissão de Censura'' e no que advirte aos seus lectores que a partires dese momento terá de se ocupar só de doutrina (enterrando a crítica), este órgao dos intelectuais republicanos reformistas, da élite rexeneradora, ofrécenos, para o caso que nos ocupa, as liñas mestras do que puido vir a ser unha relación continuada, e moderna, entre o galeguismo e a 'intelligentzia' portuguesa.

No número 3 de SN, o 20 de novembre de 1921, co título 'Portugal e Galiza' sae un artigo de Eugenio Carré Aldao —nunhas liñas editoriais presentan ao Autor como segredario da Real Academia Galega e como estudoso da Literatura galega— que nos fala da intención, por parte dos núcleos do galeguismo, de *restablecer* conexión cultural con Portugal. E Carré faino coa linguaxe voluntarista e sublimadora na que se instala teimosamente o galeguismo ao se referir a Portugal, influido polos Atlantistas: ''Os povos d'unha mesma raza se buscan e se chaman''. Carré Aldao suliña, asemade, que o seu envio é resposta a un convite de Alfredo Pedro Guisado.

Dende a SN, pois, convídase a que Galicia estéa presente nos Medios de expresión republicana, no pensamento e na crítica. Alfredo Pedro Guisado, que se achegara a Galicia coa sua obriña *Xente d'Aldea* (versos galegos), dalle a réplica a Carré, no número 6 (14 de xaneiro do 22), tamén sob o epígrafe 'Portugal e Galicia', chamando pola solidaridade cos anceios de li-

berdade para Galicia, e propondo unha mostra de arte galega en Lisboa, para que se encete un camiño axustado de coñecimento de Galicia en Portugal.

¿Quen son, a nivel concreto, os homes da SN?

O historiador Oliveira Martins define a SN como un grupo antipartidos, social-demócrata, de internacionalistas e pacifistas. Oscar Lopes e A.J. Saraiva cinfirman que pola SN, coa sua orixe no grupo denominado da Biblioteca Nacional (Cortesão, Aquilino Ribeiro, Proença) pasaron os literatos máis importantes dos republicanos; na sua autopresentación, os de SN defínense como intelectuais políticos, non partidarios, reformistas, defendendo o "bem geral", anti-oligárquicos e dispostos a crear opinión nacional: transformadores, radicais, democráticos, socialistas, antimilitaristas... Rodrigues Lapa, que perteneceu nos trinta á SN, ao se comparar co grupo da RP comenta que a pesares de encontralo poético e até simpático, tamén o topaban nebuloso, "nos eramos mais concretos".

A revista *Seara Nova,* presenta como primeira característica de grupo a sua homoxeneidade, na que se reflexa o peso da Redacción, das valoracións editoriais verbo de temas políticos, administrativos, económicos, —dende os estudos que preparan a travesía aérea Lisboa-Rio e ata os avances técnicos que significa o Canal de Panamá— ou peninsulares, onde sobrancea a análise encol da guerra hispano-marroquí, asumindo as posicións de Cambó. Chega, a SN, como medio de expresión orgánico de grupo, a concretar un programa mínimo de Salvación Nacional e as suas firmas, máis que espacios de opinión, vencéllanse a especializacións: Proença para política coxuntural, Faria de Vasconcelos para divulgación científico-cultural...

A diagramación base da SN é a 2 columnas, abre con actualidade e as suas seccións fixas sitúanse ao remate da publicación: 'No Pelourinho', 'Crítica', 'Notas e Comentarios', 'Ideas, Factos e Documentos'. Sempre as posicións editoriais teñen preferencia sobre dos articulistas, e o tema-rei é a política e administración portuguesas, as grandes medidas sociais, a educación, o debate ideolóxico amais da creación e a crítica literarias. A portada, con ilustración que referencia o tema central do número, adoita ser de Leal da Cámara, agás o número 95, que é dun coñecido autor galego, de Alvaro Cebreiro. No apartado de 'Varios', onde situa os espacios adicados a Galicia, con rúbrica autónoma, aparecen asimesmo campañas internacionalistas, como a titulada 'Socorram os famintos russos', destinada á recolla de fondos de apoio para a URSS. SN ten publicidade comercial —incluida a da Banca— e mesmo no número 17, en que aparece un texto sobre Cambó, inclúese unha plana pagada pola Editora Catalá, que ten representación en Lisboa.

Son, pois, as firmas de Eugenio Carré e de Cebreiro, o aporte galego á SN, sen que os homes das 'Irmandades' (o grupo coruñés) que tanto coincide no idearium, se esforce no contacto orgánico. Relacións, outravolta, personais que esmorecen pouco a pouco e que só máis adiante, e fora do periodo que tratamos, retornan con Rodrigues Lapa.

No número 12 (abril, 1922), Carré publica na SN "O lusitanismo en Galicia no aspecto literario". No outono do 24, xa coa Dictadura de Primo de Rivera instaurada en Madrid, no seu espacio adicado a 'Notas e Comen-

tarios', a SN noticiará a convocatoria dun congreso de escritores portugueses e galegos que conta, na sua comisión organizadora, con Eugenio Carré.

O máis significativo, como intención, do grupo SN verbo do galeguismo é, sen dúbida, a posición editorial que sae no número 17 (1 de outubro do 22). A raíz dunha conferencia do dirixente catalán Cambó na Residencia de Estudantes de Madrid, na que tratou das consecuéncias económicas e financieiras da IGM, a SN anuncia que vai adicar parte da sua actividade ao estudo dos problemas ibéricos e que "a publicação (nas suas páxinas) de colaboração catalá e galega, não se pode nem se debe interpretar como uma adesão ao nacionalismo desejado por aqueles grupos étnicos e provincias de España (...) quando julgarmos da sua oportunidade —continuan— emitiremos os nossos pontos de vista".

2.1.- *Para unha lectura comparada A Nosa Terra / Seara Nova*

Para os nacionalistas galegos, organizados nas 'Irmandades de Fala', intelectuais reformistas que queren a modernización do seu país e que se esforzan por definir unha alternativa política acorde cos seus obxectivos, o caso portugués arrastra o complexo sebastianista, a orientación intuicionista dun dos grupos prepotentes do nacionalismo, que se escinde das 'irmandades' no 22 e que dirixe don Vicente Risco. Son os chamados 'culturalistas'.

Mais a pesares do seu manifesto voluntarismo pro-atlantista, o lusismo dos nacionalistas nunca acadou resposta acaida nos republicanos antipositivistas, na RP. Pola contra, as coincidencias obxectivas e os compromisos que declararon os nacionalistas do primeiro tercio do século e, a niveis prácticos, a actuación dos chamados 'políticos' (o grupo coruñés das IF), entroncaban directamente coa liña de pensamento da élite rexeneradora, antioligárquica e nacional que se expresou a traveso da SN, tese que ampliamos coa lectura comparada entre esta publicación e mais *A Nosa Terra*[8].

Como coincidencia fundamental apuntamos xa, en ámbalas duas publicacións, a súa adicación preferente ao apartado de Política e Pensamento e o grande espacio que ocuparán as rúbricas Educación e Cultura, tanto no seu aspecto creativo como crítico. A diferencia maior manifféstase, porén, na homoxeneidade política do grupo SN, feito que lle permitirá amplar a sua liña editorial ata establecer programas de acción específicos e funcionar como prepotencia gubernamental. Pola sua banda, os homes das IF reivindican milloras concretas sen que dean a público, en ANT, un programa de reorganización nacional como fixo o grupo de SN. O galeguismo reivindica o ferrocarril, oponse á política tributaria, á comercial, aos foros, ás rendas..., quere un Estatuto de Autonomía... e mentres os republicanos positivistas de Portugal falan de "realpolitik" ao se referir a Cambó e sinalan, como necesidade, abordar o caso dos nacionalismos ibéricos, os galeguistas, na sua retórica, pídenlle a Teixeira, nas suas cartas, *Arte de ser Portugués*.

A propia evolución e esfarelamento da República do 10 en Portugal, a entronización no Estado español da Dictadura Militar no 23, o hipertactismo a que obligou a II República española a partires do 31 —a pesares de que son anos da 'Liga de Paris'. Cunha Leal anda pola Coruña na procura

[8] v. Margarita Ledo, *Prensa e Galeguismo*.

de apoios, Galicia mencionase no Programa Revolucionario da oposición portuguesa—, todo contribuiu a que as intencións proclamadas pola SN non se materializaran. Dende o exilio, os republicanos portugueses anuncian a publicación de *Iberismo e não fusão ibérica,* de Jaime Cortesão.

A diferente óptica que unha figura como Leonardo Coimbra (director da 4ª serie de *A Aguia* e que visita Galicia no 21) ten para os republicanos da SN ou para os nacionalistas de ANT sérvenos, agora, de exemplo.

2.2.- *Dous textos sobre Leonardo Coimbra*

O número 147 de ANT (15 de setembre do 21) é, na práctica, un monográfico sobre Leonardo Coimbra. De sete páxinas de texto, cinco e media refírense a Portugal, centrándose na visita do Decano da Facultade de Letras do Porto, que ven acompañado do Orfeão Portuense e da pintura de João Peralta e mais Octávio Sergio. Son páxinas editoriais, ilustradas cunha foto de Leonardo Coimbra, cunha caricatura de Cebreiro e cunha viñeta de Castelao.

A crónica da visita —con recebemento protocolario nas diferentes estacións que, dende Ourense, percorre o comboio de Coimbra— e a crónica dos actos, é exahustiva, singularmente en adesións, en adxetivos:

O ilustre pensador Leonardo Coimbra na Coruña é un dos titulares que encabezan o número de ANT. Coimbra será calificado como "apóstol espallador do criacionismo, profesor de moitedumes, xenial pensador", ao tempo que se resalta o "común espíritu, a alma común" dos dous países.

O galeguismo, na sua expresión pública mui influido por Risco neste intre, aplaude o discurso anti-positivista de Coimbra; relacionado de xeito laudatorio con Bergson, cos neo-idealistas alemáns; califica a sua verba como "xurdia e brilante"; calificao de mestre, de expoñente —a imitar— do "pensamento portugués, buscando a síntese n'unha esperencia que sexa racional e n'unha razón que sexa experimental". Adesión plena, explícita, sen ribetes críticos, sen lugar para a análise.

Aos seis meses, en marzo do 22, a SN ocúpase de Leonardo Coimbra, non a nivel editorial senon en artigos de Teófilo Junior, cun tíduo sen adxetivas: *O pensamento filosófico de Leonardo Coimbra,* advertindo, dende o inicio, que é unha lectura crítica, lonxe de admiradores e detractores dogmáticos.

Para o articulista de SN, Coimbra é "uma das mais curiosas e admiraveis afirmações intelectuais do Portugal contemporáneo" sinalando que non se trata dun especialista —coa cárrega que para os positivistas ten esta afirmación-omisión— senón unha mentalidade de tendencias complexas —léase contradictórias—. O texto, descriptivo, amosa un Leonardo Coimbra orador, filósofo e artista, cunha obra orixinal, irregular, impreciso a nivel científico, "perjudicando o filósofo com a exuberancia lírica do poeta". Texto respetuoso, que ofrece datos da "esplendida cultura" de Coimbra, que analiza o seu bergsonianismo, que non adire.

Cincuenta anos despois as relacións luso-galaicas continuan eivadas. Casos como o do profesor Lapa, que se encontrou coa cultura galega dende que empezou a traballar na sua tese sobre das orixes da poesía lírica en Portugal e continuou, dende a sua perspectiva persoal, preocupándose polo

idioma galego, ou casos como o do profesor Prado Coelho, que a mediados dos anos cincuenta e a traveso de Rosalía, tamén se une á cultura galega, están no ámeto do específico. No outono do 82, rematando a recolla de datos do presente traballo, na sua casa de Anadía, Lapa declarábanos que non existía unha opinión a prol da cultura galega en Portugal. E declarábanos que esa preocupación só chegaría a selo se partía de Galicia.

Para el, para os meus amigos de Porto —Viale Moutinho, Gonçalo Nuno...— que sempre amaron a Galicia, e, mui especialmente, co meu recordo para don Jacinto do Prado Coelho, hoxe desaparecido, que unha vez mais veu na miña axuda, aceptando dirixir esta pescuda.

MARGARITA LEDO ANDIÓN
Barcelona

BIOGRAFIA DE APOIO

BAPTISTA, Jacinto. *Surgindo vem ao longe a nova aurora... para a história do diário sindicalista A BATALHA / 1919-1927.* Bertrand, Lisboa, 1977.

FERREIRA, David. *História Política da Primeira República Portuguesa, I-II,* Horizonte, Lisboa, 1973.

LEDO ANDIÓN, Margarita. *Prensa e Galeguismo. Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de A NOSA TERRA (1916-36).* Do Castro, Sada-Coruña, 1982.

LOPES, Oscar / SARAIVA, A.J. *Historia da Literatura Portuguesa.* Porto Editora, (11ª), Porto, 1979.

MARQUES, A.H. de Oliveira. *A Primeira República Portuguesa,* Horizonte, Lisboa, 1971.
Guia da Historia da 1ª República Portuguesa, Estampa, Lisboa, 1981.
«Estudos sobre Portugal no século XX» in *O Tempo e o Modo,* núm. 67, xaneiro 1969, Lisboa.

PRADO COELHO, Jacinto. *Introdução ás Obras Completas de Teixeira de Pascoaes,* Bertrand, Lisboa, 1965.

SALGADO JUNIOR, António. «Memória breve duma inscriçao na Renascença Portuguesa» in *Nova Renascença,* outono 1980, Porto.

ROCHA Martins. *Pequena História da Imprenssa Portuguesa,* Cadernos Inquérito, serie G, Lisboa 1941.

TENGARRINHA, José. *História da Imprensa Periódica Portuguesa,* Portugalia, Lisboa, 1965.

TEIXEIRA DE PASCOAES. *Arte de Ser Portugués,* RP, Porto, 1915.
«A Era Lusiada», in *A Aguia,* núm. 28, abril 1914, Porto.